



CIRCULAR DE PROGRAMACIÓN DIT

N.º: TT_1/2020

ASUNTO: Convocatoria anual do Plan de Transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao Agro Galego 2020

1. ANTECEDENTES

A importancia do sector agrario en Galicia, así como a evolución e especialización da agricultura e a silvicultura debido fundamentalmente aos cambios económicos, tecnológicos e ambientais, esixen un nivel axeitado de información e formación no sector técnico e económico. Esta información e formación estará destinada á sensibilización en materia de calidad dos produtos, xestión sustentable dos recursos naturais, xestión técnica-económica, protección do medio e conservación da paisaxe.

O ámbito das actividades de demostración e información dos coñecementos dentro do Plan de Transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao Agro Galego 2020 abrangue todas as persoas dedicadas ás actividades agrícolas, gandeiras, forestais e de producción dos alimentos de orixe agraria.

As actividades deste Plan de Transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao Agro Galego 2020 comprenderán accións relativas ao aumento da competitividade do sector tanto agrario coma forestal. Este é un dos obxectivos establecidos no Regulamento (UE) 1305/2013, do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Como instrumento operativo destas actividades, a submedida 1.2 incluída no Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, cofinanciado polo Feader (Medida 1, Prioridades 1 e 2 de desenvolvemento rural), financia accións relativas á información e formación profesional, incluída a divulgación dos coñecementos científicos e prácticos innovadores, destinadas á persoas que traballan nos sectores agrícola, agroalimentario e forestal.

No desenvolvemento das actividades de demostración e información cumpliranse as obrigas prescritas no anexo III do Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE)1305/2013, e co disposto na "Estratexia de información e publicidade" do PDR 2014_2020 de Galicia.

2. OBXECTIVOS

Esta circular ten por obxecto a convocatoria para a elaboración do Plan de Transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao Agro Galego para o exercicio 2020. Coa finalidade de configurar o Plan, convócanse as unidades propias da consellería para que presenten propostas de accións de transferencia tecnolóxica para executar no exercicio 2020.

O principal obxectivo deste Plan é impulsar o desenvolvemento das actividades de demostración e información. Con estas actividades preténdese contribuír a que os coñecementos cheguen aos seus últimos destinatarios: técnicos, agricultores, silvicultores e persoas que traballan no sector primario ou de primeira transformación, en xeral. Trátase de fomentar, en definitiva, a capacitación dos traballadores dos sectores agrario, agroalimentario e forestal en todo o relacionado cos aspectos técnicos e económicos das súas actividades incidindo, cando sexa preciso, na reordenación das producións, no emprego dos métodos produtivos respectuosos coa conservación e protección do medio.

3. DESTINATARIOS DAS ACCIÓNS

Só serán elixibles as actuacións destinadas ás persoas vinculadas profesionalmente cos sectores produtivos relacionados coa agricultura, gandería, industria agroalimentaria e cadea forestal-madeira, ou con expectativa de incorporación, en especial mozos/as e mulleres do medio rural galego.



Estas accións formativas van dirixidas, tal e como establece o artigo 14.2 do Regulamento (UE) 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello do 17 de decembro de 2013, ás persoas que desenvolvan as súas actividades nos sectores agrario, alimentario e forestal, aos xestores de terras e aos axentes económicos que constitúan Pemes cuxo ámbito de actuación sexan zonas rurais.

Se o número de solicitantes dunha acción formativa excede das prazas dispoñibles, será de aplicación o seguinte criterio de prioridade:

- a) Mozos e mozas que pretendan instalarse ou recentemente incorporados/as ao sector.
- b) Titulares e cotitulares das explotacións. As persoas de titularidade compartida terán un dereito preferente nestas actividades ao abeiro da Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida nas explotacións agrarias, segundo se establece no seu artigo 12.4 "Medidas de fomento e axudas públicas"
- c) Familiares que traballen na explotación agraria.
- d) Ser traballador asalariado do sector agrario.
- e) Estar relacionada a súa actividade co tema da acción.

En todos os casos, en igualdade de méritos, terá preferencia o sexo feminino sobre o masculino.

O número mínimo de participantes será de 10.

4. TEMÁTICA E TIPOLOXÍA DAS ACTIVIDADES DO PLAN

O sector agroalimentario e forestal galego precisa incorporar prácticas innovadoras e o desenvolvemento de iniciativas de I+D como elemento básico de competitividade, así como consolidar un sistema permanente de transferencia de coñecementos e innovación a agricultores, silvicultores, xestores da terra e axentes da industria agroalimentaria e forestal, que teña en consideración a actualización permanente e atenda os distintos ámbitos de interese: xestión empresarial, novas tecnoloxías, participación na cadea de valor, protección medioambiental, biodiversidade, Rede Natura 2000, agricultura ecolóxica, cambio climático, conservación da natureza, etc.

A submedida abranguerá actividades de demostración e información orientadas ás persoas con relación profesional ou con expectativa de incorporación nos sectores produtivos da agricultura, a gandería, a industria agroalimentaria e a cadea forestal-madeira, dirixidas, en especial, a mozos/as e mulleres do medio rural. As actividades financiables poderán consistir en:

- Actividades de demostración: sesión práctica para ilustrar unha tecnoloxía, o uso de maquinaria nova ou significativamente mellorada, un novo método de protección dos cultivos ou dunha técnica específica de producción. Estas actividades poden tomar a forma, por exemplo, de campos de demostración. A actividade levarase a cabo nas explotacións ou outros lugares, así como visitas incluídas na programación, cunha duración máxima dunha xornada.
- Accións de información: actividades de difusión de información de interese para a agricultura, silvicultura e Pemes. Poden tomar a forma de accións de divulgación, congresos, feiras, xornadas de portas abertas, visitas incluídas na programación, cunha duración máxima dunha xornada, información nos medios impresos e electrónicos ou sesións informativas.

A duración máxima das accións de demostración e de información será de 20 horas, excepto nas actividades de campos de demostración ou campos de ensaio, nos que a duración debe ser debidamente xustificada en función da actividade proposta.

As accións de información, ou calquera outra acción teórica superior a 4 horas, deben conter relatorios independentes. No caso de que o órgano xestor considere que os relatorios teñen a mesma temática, serán consideradas accións de formación, e poderán ser traspasadas para, de ser o caso, ser financiadas a través da submedida 1.1.



As actuacións programaranse, dentro do posible, nas franxas horarias máis axeitadas para os destinatarios das accións e, deste xeito, facilitarase a súa participación.

Para favorecer a divulgación destas actuacións de transferencia recoméndase, na medida do posible, a utilización das ferramentas TIC e de comunicación social.

En todo caso, os materiais e as accións apoiadas non poden conter referencias a produtos ou produtores específicos.

A temática das actividades do Plan de Transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao Agro Galego para o exercicio 2020 estará preferentemente relacionada con:

- a) A mellora da produtividade nos sistemas agrogandeiro e forestal, incluídas as producións silvopastorais.
- b) Os métodos de producción agrícola compatibles co mantemento do medio.
- c) A xestión técnico-económica das explotacións.
- d) A información e divulgación sobre novas tecnoloxías.

O Plan recollerá a seguinte tipoloxía de actividades:

- a) Xornadas técnicas.
- b) Xornadas de portas abertas de centros de investigación e formación.
- c) Congresos.
- d) Conferencias.
- e) Seminarios temáticos.
- f) Talleres de prácticas.
- g) Viaxes, que sempre deberán ser complementarias a unha actividade de información, de divulgación ou de transferencia tecnolóxica.
- h) Elaboración de material divulgativo.
- i) Campos de demostración. Segundo queda recollido no apartado 8.2.1.3.2.1. "Descripcións do tipo de operación" desta submedida, as actividades financiables poderán consistir en actividades de demostración; definindo estas como sesións prácticas para ilustrar unha tecnoloxía, o uso dunha maquinaria, un método de protección dos cultivos ou dunha técnica específica de producción. A actividade levarase a cabo nas explotacións ou noutras lugares.

Tamén especifica que estas actividades poden tomar, por exemplo, a forma de campos de demostración cuxo fin sexa o de transferir os coñecementos e as técnicas ao sector. Dado que nalgúns casos de transferencia se traballa con cultivos ou con gando, polo tanto con ciclos biolóxicos, de forma extraordinaria pódese precisar unha maior duración ao establecido para unha acción de demostración que debe ser debidamente xustificada en función da actividade proposta. Nestes campos deben participar activamente os produtores primarios, xa que moitas destas accións se poden desenvolver nas explotacións.

- k) Campos de ensaio. En casos debidamente xustificados pola importancia estratégica para o sector e pola existencia dunha serie temporal de datos cuxa recollida debe continuar, poderán incluirse no Plan campos de ensaio. Ao igual que os campos de demostración, a finalidade destes campos será a de transferir os coñecementos e técnicas ao sector.



A submedida non abranguerá os cursos de preparación ou formación que formen parte de programas ou sistemas educativos normais de ensino secundario ou superior.

5. UNIDADES ORGANIZADORAS DAS ACTIVIDADES DO PLAN

Soamente poderán solicitar as actividades do Plan de Transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao Agro Galego 2020 as unidades da propia Consellería do Medio Rural e na súa respectiva área de influencia:

- Axencia Galega da Calidade Alimentaria.
- Centros de formación e experimentación agraria.
- Centros de investigación agroforestal da Consellería do Medio Rural.
- Servizos técnicos agrarios e servizos veterinarios oficiais, na súa estrutura provincial, da área e comarcal.
- Distritos forestais.
- Oficinas agrarias comarcais.
- Outras unidades da Consellería do Medio Rural.

As solicitudes das actividades do Plan organizadas polas distintas unidades da consellería deberán incluír obrigatoriamente:

- A participación dunha oficina agraria comarcal (OAC), dun centro de formación e experimentación agraria (CFEA) e/ou dun distrito forestal, segundo a temática da actividade, que son as unidades da consellería más próximas ao medio rural e á formación agroforestal e, polo tanto, as que mellor deberían identificar as súas necesidades de coñecemento, os seus actores e a problemática e inquedanzas produtivas deles. No caso de que a temática teña relación cunha denominación de calidade, será obligatorio invitar tamén ao Consello Regulador.
- No caso dos campos de ensaio, a participación e supervisión dun centro de investigación ou dun centro tecnolóxico, que son os que posúen os coñecementos científicos e técnicos na materia en que se quere fazer o ensaio. No caso de que a temática teña relación cunha denominación de calidade, será recomendable tamén a participación do Consello Regulador a través dalgún dos seus técnicos ou, no caso de non ter, a través dun produtor ou empresa amparado pola denominación de calidade.
- Un plan de divulgación das actividades de transferencia tecnolóxica que implique, cando menos, a realización de actividades (reunións, seminarios, etc.) nas que participen técnicos, agricultores e, en xeral, persoas que traballan no sector primario agroforestal.

Poderán participar nestas actividades, en colaboración coas unidades propias solicitantes:

- Universidades galegas e outros centros formativos oficiais da Xunta de Galicia que imparten materias da área agroforestal.
- Centros de investigación ou tecnolóxicos, públicos ou privados, que desenvolvan as súas actividades no sector agrogandeiro, agroalimentario ou forestal da nosa Comunidade Autónoma.
- Consellos reguladores dos produtos con denominación de orixe, con indicación xeográfica protexida ou de agricultura ecolólica.
- Colexios profesionais que desenvolvan prioritariamente as súas actividades no ámbito do medio rural.



- Entidades públicas ou privadas (entre elas, cooperativas ou outras entidades asociativas agrarias) que teñan entre as súas finalidades a formación e/ou información ao sector e teñan acreditada experiencia na organización de actividades de información e/ou demostración en materias relacionadas cos sectores agrícolas, gandeiros, forestais ou agroalimentarios.

6. PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS E PRAZO

Cada unidade solicitante deberá presentar as propostas vía telemática a través do REXEL e utilizará para iso o impreso do anexo I, que dirixirá ao Departamento de Investigación e Transferencia, pertencente a AGACAL (interesado) (código REXEL da unidade destinataria: A12X00400/Código do procedemento: PR004A).

A unidade deberá enviar o anexo I debidamente cuberto por cada acción de transferencia solicitada poñendo como asunto: "Transferencia 2020", nome da unidade administrativa colaboradora e un número correlativo que irá en función das accións propostas pola unidade.

Tamén se cubrirá o anexo II en formato folla de cálculo, onde quedará reflectida a totalidade das accións formativas solicitadas pola unidade administrativa para o exercicio 2020.

Os anexos I e II poderán descargarse da páxina web da Consellería do Medio Rural no seguinte enderezo:

http://mediorural.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/transferencia_tecnologica/

Se a documentación non fose recibida en tempo e forma, entenderase desestimada a solicitude.

Será necesario un número mínimo de 10 participantes para a aprobación das actividades de demostración e información, excepcionalmente poderase realizar cun mínimo de 7 participantes debidamente xustificado. Quedan excepcionados desta limitación os campos de demostración e os campos de ensaio.

As propostas deberán estar asinadas polas seguintes persoas:

- a) A persoa responsable da unidade organizadora, que asinará a proposta co fin de ter coñecemento das accións que se están a desenvolver na súa unidade.
- b) A persoa coordinadora membro da unidade organizadora, que será a responsable da solicitude e, polo tanto, a encargada da xestión e xustificación da actividade.
- c) A persoa responsable da unidade participante da consellería.
- d) A persoa que realice a supervisión científica (no caso dos campos de ensaio), que deberá pertencer a algún centro de investigación, centro tecnológico ou universidade galegos.

As cualificacións mínimas do persoal docente ou relator serán as seguintes:

- Titulación universitaria de grao superior ou medio en materias agrarias e afins, e en todo caso relacionada coa materia que se vai tratar na actividade.
- O persoal docente das prácticas deberá contar con titulación de formación profesional dos ciclos medio e superior da familia agraria ou asimilados.
- Poderán ser docentes/relatores das accións de demostración os titulares das explotacións agrarias, titulares forestais ou da empresa agroalimentaria e forestal que acrediten unha experiencia no sector mínima de 5 anos.

A data límite de presentación das propostas será o 31 de xaneiro de 2020. Non obstante, no caso de terse detectado unha demanda importante das actividades, poderá abrirse un segundo prazo de solicitudes para a presentación de novas propostas .



7. AVALIACIÓN, SELECCIÓN E APROBACIÓN DAS ACTIVIDADES DO PLAN

O Departamento de Investigación e Transferencia da Agacal realizará un informe sobre o grao de cumprimento por cada unha das solicitudes dos requisitos sinalados nos puntos 4, 5 e 6 desta circular.

A selección das solicitudes realizarase en función dos criterios establecidos nesta submedida a través dunha comisión de valoración, que determinará ademais a contía económica para cada unha das accións aprobadas. Os membros da dita comisión serán nomeados para os efectos polo órgano competente. A actuación da dita comisión como órgano colexiado estará suxeita ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A comisión avaliará e seleccionará as propostas presentadas ao abeiro da presente circular e determinará ademais a contía económica para cada unha das aprobadas. A dita comisión estará formada pola persoa titular da Área de Formación, Innovación e Investigación Agraria da Agacal, que actuará como presidente/a, un/unha funcionario/a do Departamento de Investigación e Transferencia, que actuará como secretario, e como vogais, o/a xefe/a do Departamento de Investigación e Transferencia, o/a xefe/a do Departamento de Formación, e un/unha funcionario/a deste mesmo departamento. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algúns dos seus integrantes non puidese asistir, será substituído polo funcionario/a que para tal efecto designe o presidente da comisión.

A comisión avaliará as propostas de acordo cos seguintes criterios:

| CRITERIO | PUNTUACIÓN |
|--|------------------|
| I. Tipoloxía dos beneficiarios finais das accións de demostración e información <ul style="list-style-type: none"> • Agricultores/as activos/as, persoas dedicadas á actividade agraria con producións superiores ás de autoconsumo e dadas de alta no sistema de venda directa, persoal empregado no sector primario por conta allea ou persoas con solicitude de incorporación a través das submedidas 6.1 e 6.3. Se supoñen un mínimo de 7 persoas: 25 puntos • Persoal contratado (ou con expectativa de contrato) por empresas que realicen traballos agrarios (agrícolas, gandeiros ou forestais) ou da industria agroalimentaria. Se supoñen un mínimo de 7 persoas: 20 puntos. (Puntuación excluínte da anterior) • Persoas en idade laboral e menores de 60 anos con expectativa de incorporación ao sector primario ou á industria transformadora. Se supoñen un mínimo de 10 persoas: 15 puntos. (Puntuación excluínte das anteriores) • Propietarios forestais socios dunha entidade de xestión en común da terra ou con expectativa de selo: Se supoñen un mínimo de 10 persoas: 10 puntos. (Puntuación excluínte das anteriores) <p>*Se a actividade de calquera dos anteriores vai dirixida a mulleres, representando estas o mínimo esixido en cada apartado anterior, a dita puntuación incrementarase en 5 puntos</p> | Máximo 30 puntos |
| II. Desenvolvemento de accións en zonas de montaña ou desfavorecidas, segundo o Regulamento 1305/2013 <ul style="list-style-type: none"> • Accións que se desenvolvan en zonas de montaña: 10 puntos • Accións que se desenvolvan en zonas desfavorecidas distintas das de montaña: 5 puntos | Máximo 10 puntos |
| III. Calidade técnica da proposta Campos de ensaio ou campos de demostración | Máximo 50 puntos |



- Campo de ensaio: 20 puntos
- Campo de demostración: 15 puntos

Programación da actividade

- Ata un 30% de horas prácticas: 10 puntos
- Entre o 30% e o 50% de horas prácticas: 15 puntos
- Máis do 50% de horas prácticas: 20 puntos

Contido das actividades

- Novas alternativas produtivas, novos procesos ou novas tecnoloxías ligadas ás submedidas de cooperación (medida 16): 10 puntos

IV. Temática da proposta

Accións de demostración e de información de proxectos innovadores

- Produtos de calidade diferenciada (DOP, IGP, produtos de artesanía alimentaria): 20 puntos
- Agricultura ou gandería ecolóxica: 20 puntos
- Incorporación das Tic: 15 puntos
- Producción integrada e control integrado de pragas: 10 puntos
- Posta en valor de terras agrarias en desuso: 10 puntos
- Reestruturación da propiedade de terras agrarias: 10 puntos
- Reestruturación, reorientación ou diversificación de explotacións: 10 puntos
- Enerxías renovables: 10 puntos
- Maquinaria relacionada coa producción agraria innovadora que supoña maior eficiencia: 10 puntos
- Xestión empresarial ou comercial (incluído comercio exterior): 5 puntos
- Seguridade alimentaria, calidade, prevención de riscos e do medio na cadea de producción: 5 puntos
- Eficiencia na xestión e uso dos recursos naturais: 5 puntos
- Restauración, preservación e mellora do ecosistema: 5 puntos
- Biodiversidade: Rede natura: 5 puntos
- Outros (de interese para o sector primario e transformador agrario e agroalimentario): 5 puntos

Máximo 40
puntos



Accións que proveñan de iniciativas de cooperación

- Por cada entidade asociativa colaboradora (incluídas as cooperativas): 5 puntos
- Por cada empresa colaboradora: 3 puntos
- Por cada explotación colaboradora: 2 puntos

PUNTUACIÓN MÁXIMA

130 puntos

Non se poderá aprobar ningunha proposta cando:

- a) Non se remitise a documentación (anexo I) debidamente cuberta.
- b) Non inclúa a participación dunha oficina agraria comarcal (OAC), dun centro formación e experimentación agraria (CFEA) e/ou dun distrito forestal, segundo a conveniencia e a temática da actividade.
- c) No caso dos campos de ensaio, non inclúa a participación e supervisión dun centro de investigación ou dun centro tecnolóxico.
- d) Non inclúa un plan de divulgación no que participen técnicos, agricultores, silvicultores e, en xeral, persoas que traballen no sector agroforestal. No caso dos campos de demostración ou de campos de ensaio incluirá unha xornada de portas abertas ao sector.
- e) Non acade unha puntuación igual ou superior de 39 puntos, que se corresponderá co 30% da puntuación máxima total que se poida alcanzar no procedemento de selección (130 puntos) en función dos criterios de selección aplicados.

Seleccionaranse aquelas actuacións que obteñan unha maior puntuación como resultado de aplicar os criterios de selección. En caso de empate, resolverase segundo as solicitudes obtivesen maior puntuación nos criterios e na orde seguintes:

1. Calidade técnica da proposta
2. Temática da proposta
3. Tipoloxía dos beneficiarios das accións de formación
4. Desenvolvemento de accións en zonas de montaña ou desfavorecidas, segundo o Regulamento 1305/2013.

A partir da proposta da comisión de avaliación, mediante resolución do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, aprobarase a relación de actividades do Plan, coa súa contía económica e a programación temporal para 2020. A referida aprobación das actividades do Plan estará condicionada pola dispoñibilidade de crédito.

Aos solicitantes comunicáralles a relación das actividades de transferencia aprobadas e a contía económica asignada a cada unha, xunto coas instrucións para a súa correcta xestión e xustificación.

Antes de iniciar a acción, deberase ter constancia de que se cumple coa puntuación inicialmente prevista ou cando menos que a puntuación obtida é superior á puntuación do primeiro expediente non seleccionado por falta de orzamento, xa que a puntuación pode oscilar en canto á **"Tipoloxía dos beneficiarios finais das accións de demostración e información"**.

Así mesmo, a resolución dos expedientes desta convocatoria anual do Plan de transferencia tecnolóxica está condicionada á aprobación da modificación do PDR 2014_2020 presentada ante a Comisión Europea o 19 de novembro de 2019 a través de SFC2014, de conformidade co artigo 22, apartado 4, do Regulamento (UE) nº 1303/2013 e o artigo 11, letra b) do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento e do Consello.



8. GASTOS FINANCIABLES E FONTE DE FINANCIAMENTO

Para a elaboración das propostas que inclúan gastos xerais é preciso que se teña en conta o artigo 48.2.e) do Regulamento de execución (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.

A tramitación deste expediente farase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro ano 2020 aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, e en trámite parlamentario.

Non se financiarán os gastos das actividades de transferencia que tivesen lugar antes da data de fiscalización da disposición do gasto da acción proposta.

Serán financiables, en virtude desta medida, os gastos de organización e prestación das accións de transferencia tecnolóxica que se detallan deseguido:

- Custos de xestión e organización
- Gastos do relator. Os traballos realizados polo persoal da Xunta de Galicia non serán retribuídos se se desenvolven dentro da súa xornada laboral habitual. En todo caso, o persoal da Administración pública debe cumplir co establecido no artigo núm. 19.h) da Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Debe tratarse dunha colaboración ou participación ocasional ou esporádica, o que significa facer parte dunha actividade ou xunto con outros, non a participación na totalidade da acción, de modo que implique unha intervención puntual en algúnhia parte ou fase da acción. En todo caso, o número máximo de horas impartidas non excederá de 75 horas por relator. No caso dos centros de formación con formación regrada, considerarase como xornada laboral habitual desde as 9:00h ata as 18:00 h. De todas as maneiras, poderán serlle retribuídas unha vez superadas as 20 h semanais de impartición de clases.

En todo caso, considerarase “*colaboración ou participación ocasional ou esporádica*” a participación dun máximo de 8 horas. Se a acción tivese unha duración de 8 horas ou menos, poderá impartirse na súa totalidade.

- Material didáctico, incluídos os ligados ao deseño e desenvolvemento do material de formación.
- Alugamento de locais.
- Custos relacionados co lugar onde se realiza a acción.
- Gastos de desprazamento, e manutención só para o persoal colaborador ou relator non pertencente á Administración pública da Xunta de Galicia.
- Custos de equipo directamente vinculados á actividade.
- Custos de difusión e promoción da actividade.
- Custos de investimento directamente vinculados á actividade demostrativa
- Custos das accións de demostración (incluídos os campos de demostración e campos de ensaio) e información e/ou visitas asociadas ás actividades.
- Alugamento de maquinaria necesaria para a impartición da demostración.



No suposto de organización de visitas a través desta submedida financiarase o 100% dos gastos de desprazamento nun medio de transporte colectivo, debidamente xustificada a oportunidade e necesidade do uso dese transporte concreto.

Con excepción dos custos de investimento, aplicaranse custos de referencia, con límites máximos admisibles para a determinación do gasto, que incluirá, para cada tipo de actividade de demostración e información (xornadas técnicas, talleres ...), un fixo por organización máis un tanto fixo por hora do relatorio ou de demostración.

Poderanse financiar os custos de investimento directamente vinculados á actividade de demostración, para o cal terase en conta o artigo 45 do Regulamento (UE) 1305/2013. Neste caso, únicamente se considerarán subvencionables os custos de amortización correspondentes á duración do proxecto de demostración e durante o período de demostración, calculados de acordo cos principios contables xeralmente aceptados, e ata un máximo de 50.000 euros. O período de amortización establecerase en 10 anos para a maquinaria e en 20 anos para infraestruturas e plantacións. Deberá haber un compromiso de duración do proxecto demostrativo establecendo un programa de transferencia e formativo para o dito período. A duración será como máximo de 3 anos para a maquinaria e 8 anos para as infraestruturas e plantacións.

En ningún caso se poderán imputar:

- a) As comidas dos participantes (técnicos, agricultores, silvicultores e, en xeral, persoas que traballan no sector agroforestal) nas accións formativas.
- b) A adquisición de material inventariable, excepto nos proxectos de demostración.

As actividades contempladas nesta circular serán imputadas á aplicación 14.A2.422L.640.1, divulgación e transferencia tecnolóxica (proxecto 2016 00214), por un importe total de 493.006 euros, cofinanciada nun 75 % por Fender, nun 2,5 % polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e nun 22,5 % pola Xunta de Galicia.

A solicitude deberá recoller o custo económico real da actividade desagregado por conceptos (segundo o formato do punto 13 do anexo I). A dotación económica que finalmente destine a consellería para cada actividade do Plan establecerase en función do dito custo económico.

Só se poderán imputar en cada actividade de transferencia aqueles gastos de investimentos sempre que obedezan a unha planificación da súa efectiva execución e planificación, que estean debidamente motivados e xustificados no correspondente anexo I, no que debe recollerse un orzamento co importe certo ou aproximado, por conceptos, da contía da referida actividade (punto 13 do anexo I), así como o período no que se vai executar. Só se poderá considerar gasto subvencionable o valor de amortización dos investimentos directamente vinculados ao proxecto de demostración.

O cálculo do orzamento para as actividades de demostración ou información será o seguinte:

O importe básico máximo por actividade será de 3.500 € pola organización da actividade, tomando de referencia un mínimo de 20 participantes (excepto campos de demostración ou ensaio). No caso de que non se garanta ese mínimo, para establecer o importe máximo, calcularase a parte proporcional. O número mínimo de participantes será de 10.

a) Gastos xerais:

- Alugamento de locais e custos relacionados co lugar de realización da actividade: Máximo 600 € por actividade de 20 h. No caso de actividades de menor duración, realizarase o cálculo proporcional.
- Organización técnico/administrativa (responsabilidade dos aspectos organizativos da actividade de transferencia de que se trate, desde o inicio ata a entrega da documentación xustificativa correspondente, diante da AGACAL): 150 € por actividade.
- Material didáctico (incluído material de prácticas): 1 € por asistente e hora de actividade informativa ou demonstrativa, ata un máximo de 1.000€.



- Alugamento de maquinaria necesaria: máximo 1.750 €. Para optar a esta cantidad máxima será necesario vincularlo a unhas actividades cunha duración máxima de 20 horas. No caso de actividades de menor duración, realizarase o cálculo proporcional.

b) Gastos dos relatores (incluirá a impartición dos relatorios, tanto teóricos como prácticos):

- Máximo 60€/hora impartida. Unicamente en casos excepcionais, debidamente motivados e fundamentados no nivel de dificultade técnica e na calidade académica do relator, poderase exceder a anterior contía económica ata un máximo de 150 €/hora.
- Gastos de desprazamento e manutención: Tomarase como referencia para establecer os importes máximos, os establecidos para o persoal da Administración autonómica, Grupo 2 (Resolución do 29 de decembro de 2005 (DOG nº 250, do 30/12/2005).
 - Desprazamento: 0,19 €/km (vehículo propio)
 - Alojamento: 65,97 €/noite
 - Manutención: 18,70 € (media axuda de custo) / 37,40 € (axuda de custo completa)
 - Outros gastos suplidos: Segundo ticket ou factura

c) Visitas.

No caso de ser autorizada unha visita na programación da actividade de demostración ou información finanziarase o 100% dos gastos de desprazamento nun medio de transporte colectivo, debidamente xustificada a oportunidade e necesidade do uso deste transporte concreto.

d) Campos de demostración e campos de ensaio.

Nas actividades dos campos de demostración ou campos de ensaio poderá chegarse a unha axuda máxima de 15.000 €. O orzamento deste tipo de actividades estará debidamente desagregado e xustificado pola natureza do gasto, aplicándose os principios de moderación dos custos.

No caso de colaboradores externos (agricultores/as ou explotacións, entidades asociativas e empresas do sector), a contía económica aprobada, tamén poderá incluir unha compensación polo tempo dedicado á acción e/ou ao seu plan de divulgación.

9. ENDEREZO WEB

O enderezo web que se indica máis abaixo será o lugar de referencia para os efectos de avisos, notas metodolóxicas e descarga da documentación relativa ao Plan de Transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao Agro Galego 2020.

https://mediorural.xunta.gal/areas/investigacion_e_formacion/transferencia_tecnologica/

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2019

O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria





ANEXO I

SOLICITUDE PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN QUE SE VAN
DESENVOLVER NA ANUALIDADE 2020

| | |
|------------------------------|--|
| Nº DE PROTOCOLO ¹ | |
|------------------------------|--|

| |
|--------------------------|
| 1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE |
|--------------------------|

| |
|-------------------------------------|
| 2.- TIPO DE ACTIVIDADE ² |
|-------------------------------------|

| | | |
|---|--|--|
| 3.- UNIDADE ORGANIZADORA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL | | |
| Unidade: | | |
| Endereço: | | |
| C. Postal: Concello: Provincia: | | |
| Nome e apelidos do/a responsable da unidade organizadora: | | |
| Cargo: Tfno.: Correo_e: | | |
| Nome e apelidos do/a coordinador/a: | | |
| Posto de trabalho: Tfno.: Correo_e: | | |

| | | |
|--|--|--|
| 4.- UNIDADES PARTICIPANTES DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL | | |
| Unidade: | | |
| Endereço: | | |
| C. Postal: Concello: Provincia: | | |
| Nome e apelidos do/a responsable da unidade: | | |
| Cargo: Tfno.: Correo_e: | | |

| | | |
|---|--|--|
| 5.- UNIDADES OU ENTIDADES PARTICIPANTES (que non sexan da Consellería do Medio Rural) | | |
| Unidade ou entidade: | | |
| Endereço: | | |
| C. Postal: Concello: Provincia: | | |
| Nome e apelidos do/a responsable da unidade ou entidade: | | |
| Cargo: Tfno.: Correo_e: | | |

| | | |
|--|--|--|
| 6.- CENTRO DE INVESTIGACIÓN OU CENTRO TECNOLÓXICO ³ | | |
| Centro: | | |
| Endereço: | | |
| C. Postal: Concello: Provincia: | | |
| Nome e apelidos do/a responsable da entidad: | | |
| Cargo: Tfno.: Correo_e: | | |

¹A encher polo Departamento de Investigación e Transferencia da Agacal.²Xornadas técnicas, xornadas de portas abertas, congresos, conferencias, seminarios, talleres de prácticas, vías, material divulgativo, campos de ensaio, campos de demostración.³Só no caso dos campos de ensaio, nos que é imprescindible asesor científico.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

AGACAL
AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE ALIMENTARIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

7.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

8.- OBXECTIVOS



9.- METODOLOXÍA EMPREGADA NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

9.1.- Localización

9.2.- Planificación da actividad (de ser o caso, programa). No caso de campos de demostración ou dos campos de ensaio descripción de todas as fases. (Xuntar croquis e deseño das parcelas)

9.3.- Persoal encargado do desenvolvemento da actividade

9.4.- Persoas ou entidades a quen vai dirixido



10.- PLAN E MEDIOS DE DIVULGACIÓN PREVISTOS

Reunións:

Visitas:

Publicacións:

Artigos de prensa:

Programas de TV e/ou radio:

11.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

11.1.- Data de realización (aproximada):

11.2.- Duración da actividade:

Horas teóricas:

Horas prácticas (en talleres ou explotacións de colaboradores):

11.3.- Iniciativas de cooperación (nome dos colaboradores):

-Explotacións:

-

-Empresas:

-

-Entidades asociativas:

11.4.- Lugar de desenvolvemento (marcar cun X):

-Concello:

Zona desfavorecida

Zona de montaña

12.- TIPOLOXÍA DOS/AS DESTINATARIOS/AS (poñer número de asistentes)

| | |
|--|--------------------------|
| Agricultores/as activos/as, persoas dedicadas á actividade agraria con producións superiores ás de autoconsumo e dadas de alta no sistema de venda directa, persoal empregado no sector primario por conta allea ou persoas con solicitude de incorporación a través das submedidas 6.1 e 6.3. | Mulleres: |
| | Homes: |
| | Total asistentes: |
| Persoal contratado (ou con expectativa de contrato) por empresas que realicen traballos agrarios (agrícolas, gandeiros ou forestais) ou da industria agroalimentaria. | Mulleres: |
| | Homes: |
| | Total asistentes: |
| Persoas en idade laboral e menores de 60 anos con expectativa de incorporación ao sector primario ou á industria transformadora. | Mulleres: |
| | Homes: |
| | Total asistentes: |
| Propietarios forestais socios dunha entidade de xestión en común da terra ou con expectativa de selo. | Mulleres: |
| | Homes: |
| | Total asistentes: |



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RI

AGACAL
AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE ALIMENTAR



MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



13.- ORZAMENTO 4

Concepto

14.- OBSERVACIONES:

| | | | | |
|---|---|--|---|------------|
| O/A responsável da unidade organizadora:, de de 20.. | O/A coordenador/a da unidade organizadora:, de de 20.. | O/A responsável da unidade participante da Consellería do Medio Rural:, de de 20.. | O/A supervisor/a científico/a:, de de 20.. | Asdo:..... |
| Asdo:..... | Asdo:..... | Asdo:..... | Asdo:..... | Asdo:..... |

Non serán subvencionables os gastos de amortización ou arrendamentos de bens e edificios destinados a elles, no que excedan do 25 % do importe total dos gastos subvencionables da operación. Ademais, compro acreditar a moderación de custos.

Só no caso de sonoridades dos caminos de ensaio

ANEXO II
PROGRAMA DE ACCIÓNS DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO PARA 2020

PROPOSTAS DA UNIDADE:....

En _____ de _____ de 2020

Conforme:
O/A responsável da unidade organizadora

Conforme:
A pessoa coordenadora

Asdor: _____

galicia

Xacobeo 2021